

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0740	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAUL ALVARADO FERREIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Hixiene Bucodental exercen a súa actividade profesional no sector sanitario público e no privado, na área de atención sanitaria e promoción da saúde e forma parte de equipos estruturados de saúde bucodental, de equipos de atención primaria, nas unidades de promoción da saúde, e en consultas ou gabinetes dentais privados. Poden integrarse nun equipo de prevención e atención sanitaria, coordinado por un/unha facultativo/a.

Desenvolven funcións de organización e xestión na unidade ou no gabinete dental de traballo, prestan servizos asistenciais e preventivos á comunidade e controlan a súa calidade a través de actividades de vixilancia epidemiolóxica e de educación sanitaria.

A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a superior en hixiene bucodental.
- Técnico/a especialista hixienista dental.
- Hixienista bucodental.
- Educador/ora en saúde bucodental.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio. o entorno.	Espíritu emprendedor. A idea de negocio. Innovación e cretividade. O plan de empresa	10	15
2	O mercado, Estratexias comerciais. Formas Xurídicas	O merccado e as estratexias comerciais, Plan de produción. Plan de marketing	10	15
3	Financiación, Inversión e viabilidade.	Cálculo das inversións e gastos necesarios, as fontes de financiación e a viabilidade da empresa.	10	15
4	Fiscalidad e a documentación na empresa.	Distintos tipos de impostos na empresa e os documentos na empresa.	8	15
5	Plan de empresa, elaboración y exposición.	Elaboración, a lo largo del curso de un Plan de empresa y su exposición final.	15	40

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio, o entorno.	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector sanitario
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da atención sanitaria e promoción da saúde, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade da atención sanitaria e promoción da saúde (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector sanitario.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da atención sanitaria e promoción da saúde.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O mercado, Estratexias comerciais.Formas Xurídicas.	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valórase a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego
CA2.2 Analízase o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas
CA2.3 Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de hixiene bucodental en función da súa posible localización
CA2.6 Analízase o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial
CA2.7 Valórase a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa hixiene bucodental e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen
CA2.8 Identifícanse, en empresas de hixiene bucodental, prácticas que incorporen valores éticos e sociais
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais
CA2.10 Analízanse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa relacionada coa hixiene bucodental, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa relacionada coa hixiene bucodental: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa relacionada coa hixiene bucodental: clientela, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.



Contidos

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Financiación, Inversión e viabilidade.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector sanitario
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa
CA3.6 Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas relacionadas coa hixiene bucodental tendo en conta a súa localización
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa relacionada coa hixiene bucodental.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Fiscalidad e a documentación na empresa.	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa hixiene bucodental, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais)
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa relacionada coa hixiene bucodental, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector sanitario.</p> <p>Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.</p> <p>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</p> <p>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa relacionada coa hixiene bucodental: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Plan de empresa, elaboración y exposición.	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de hixiene bucodental en función da súa posible localización
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa hixiene bucodental e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa relacionada coa hixiene bucodental: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa relacionada coa hixiene bucodental: clientela, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa relacionada coa hixiene bucodental.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector sanitario.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.



Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales nos seguintes criterios de avaliación:

CA1.1 - Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

CA1.2 - Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.

CA1.3 - Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

CA1.4 - Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector sanitario

CA1.5 - Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.

CA1.6 - Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.

CA1.7 - Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da atención sanitaria e promoción da saúde, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial

CA1.8 - Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

CA2.1 - Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.

CA2.2 - Analízase o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.

CA2.3 - Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

CA2.4 - Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.

Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de hixiene bucodental en función da súa posible localización

CA2.6 - Analízase o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.

CA2.7 - Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa hixiene bucodental e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen

CA2.8 - Identifícanse, en empresas de hixiene bucodental, prácticas que incorporen valores éticos e sociais

CA2.9 - Defíníronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.

CA2.10 - Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

CA2.11 - Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa relacionada coa hixiene bucodental, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial

CA2.12 - Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

CA3.1 - Analízase o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos para desenvolver a actividade empresarial.

CA3.2 - Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.

CA3.3 - Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da cociña e da restauración.

CA3.4 - Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.

CA3.5 - Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.

CA3.6 - Identifícaronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.

CA3.7 - Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.

CA3.8 - Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas relacionadas coa hixiene bucodental tendo en conta a súa localización.

CA3.9 - Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

CA4.1 - Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

CA4.2 - Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

CA4.3 - Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa hixiene bucodental, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais)

CA4.5 - Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. En todo caso a cualificación de cada resultado de aprendizaxe virá dada polas puntuacións obtidas utilizando para elo os instrumentos de avaliación que se sinalan en cada criterio de avaliación. Considerarase que o alumno/a superou o resultado se obtén unha puntuación mínima de 5 sobre 10 puntos.

A cualificación final do módulo será a nota media das diferentes notas parciais obtidas nas avaliacións parciais. A cualificación, será numérica, sen decimais, redondeándose por exceso ou defecto.

2. O alumno superará o módulo sempre e cando alcance o mínimo exixible en todos e cada un dos resultados de aprendizaxe, polo que o alumno/a que non realice positivamente algunha proba/actividade/traballo proposto en tempo e forma, non superará o módulo.

3. Para acadar a avaliación positiva será preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos en todos os Resultados de Aprendizaxe, segundo o seguinte:

- Realización polo menos dun exame por trimestre que cualificarase de 1 a 10. Entre todas as probas escritas feitas no trimestre, calcularase a media aritmética das mesmas, sempre e cando o alumno obteña un mínimo de 4 nos distintos exames.

Ponderación na nota da avaliación: ata o 40%

Na realización das probas obxectivas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior. Sen prexuízo das medidas disciplinarias axeitadas, aqueles alumnos/as que incorresen en calquera tipo de fraude nas probas obxectivas, fose sorprendido copiando ou utilizando materiais non autorizados na realización das probas, será cualificado como cero e non terá dereito á repetición da proba.

- Seguimento das actividades de aula: realización e entrega das distintas tarefas individuais e de traballo en equipo. Valorarase a participación, interese, presentación, prazos de entrega e dominio dos contidos.

Ponderación na nota da avaliación: ata o 10%

- Desenvolvemento do Proxecto de empresa: Valorarase, mediante revisións periódicas e exposición en clase, o desenvolvemento do Proxecto.

Ponderación na nota da avaliación: ata o 50%

Para aprobar o módulo, será necesario acadar un mínimo de 5 puntos en cada un dos apartados anteriores e obter, aplicando o baremo anterior, unha cualificación mínima de 5 puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Actividades de recuperación/reforzo/apoio:

Os alumnos serán avaliados parcialmente en cada trimestre.

Se algún alumno/a non supera unha ou varias avaliacións parciais se lle fará unha proba de recuperación despois da avaliación correspondente coa que se fará media co outro trimestre. A superación da avaliación posterior non comprende as anteriores agás que expresamente se indique o contrario polo profesor. Para a superación do módulo teranse en conta ás circunstancias académicas particulares de cada alumno/a, avaliadas de xeito obxectivo (cualificación numérica da anterior, asistencia a clase, traballos realizados e resultados, participación na aula, comportamento cos demais alumnos e co profesor).

Para recuperar as partes non superadas, o alumnos deben:

- Realizar unha proba escrita sobre os contidos non superados
- Elaborar o plan de empresa nas partes non superadas

Para a cualificación positiva na proba de recuperación o alumno/a debe obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das partes non superadas.

Os alumnos que non teñan as tres avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar unha proba final extraordinaria sobre todo o contido do módulo e entregar o plan de empresa correspondente, debendo acadar n mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das partes.

Se o problema estriba na dificultade de comprensión efectuaranse exercicios de reforzo naquelas unidades que o requiran. Así, para cada unidade didáctica, vanse programar actividades de recuperación, tales como:

- * Realización de casos prácticos.
- * Traballos individualizados.
- * As actividades de recuperación do módulo determinaranse a partir do informe de avaliación individualizado.
- * Todo elo de acordo cos contidos mínimos de ditas unidades didácticas.

2. O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período.

Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados. Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Rematado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados mediante a realización dunha proba final obxectiva e/ou traballo (plan de empresa).

Para superalo, o alumnado debe acadar como mínimo 5 puntos en cada unha das partes que teña que recuperar (proba obxectiva e/ou traballo).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que acade un número de faltas de asistencia igual ou superior ao 15% da duración total do módulo (10% sen xustificar e 5% xustificadas) perderá o dereito a avaliación continua e terá unha proba final extraordinaria de avaliación no mes de xuño.

A perda do dereito á avaliación continua supón que se pode seguir asistindo a clase pero haberá que realizar unha avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria consistirá en:

- Realización dunha proba escrita de carácter teórico-práctica sobre os contidos do módulo:

Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo (tipo test ou de resposta corta)

Parte práctica: consistirá en resolver diferentes supostos relacionados cos contidos do módulo

Para a cualificación positiva na proba final extraordinaria de avaliación o alumno/a debe obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 na proba escrita.

O resultado desta proba suporá o 50% da cualificación final do módulo.

- Entrega dun plan de empresa, que comprenda o análise dos principais elementos dun proxecto empresarial, debendo obter un mínimo de 5 puntos sobre 10

O peso do plan de empresa suporá o 50% da cualificación final do módulo.

Os resultados e aprendizaxe, e polo tanto os criterios de avaliación, serán os mesmos que para o resto do alumnado que se examine de forma ordinaria

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma coa finalidade de comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como establecer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso. Para a elaboración desta programación partíuse dunha avaliación inicial: tendo en conta a información previa do alumnado ao que vai dirixida, o centro, o currículo do ciclo, o calendario escolar para este curso, os recursos e medios dispoñibles.

A avaliación levarase a cabo de xeito continuo e simultáneo respecto á súa posta en práctica o que permitirá a modificación da programación no momento en que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo. Con carácter mensual farase constar nas actas do departamento a valoración do seguimento da programación. O seguimento reflectirase na aplicación informática web de xestión das programacións

O seguimento da programación reflectirase na aplicación informática web de xestión das programacións

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación e as conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

O seguimento e a avaliación será realizada pola profesora do Módulo, e, nas súas conclusións terá en conta a valoración feita polo propio alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

o comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial, co obxectivo de saber cales son os coñecementos previos e dos alumnos e alumnas e poder axustar a intervención educativa ao grupo.

Para realizar esta avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Cuestionarios nos que o alumnado exprese os seus coñecementos e opinións e posterior posta en común e debate.

Esta avaliación inicial tamén levarase a cabo ao comezo de cada unidade didáctica, referida aos coñecementos e actitudes previas sobre os contidos concretos da unidade. Neste momento

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Polo que se refire á atención á diversidade, non existe notificación de ningún alumno/a que vaia precisar medidas extraordinarias de atención. De calquera xeito ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para os alumnos ou alumnas que o precisen.

Deste modo podemos describir as seguintes medidas de reforzo con carácter xeral:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.

Para os alumnos que o precisen, repetición individualizada dalgunhas explicacións, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.
- Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para os alumnos que presenten dificultades
- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, e formar equipos de traballo que integren a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O noso labor é formar persoas e profesionais competentes, polo que debemos axudar ao desenvolvemento dos alumnos en distintos ámbitos:

- a) Desenvolvemento profesional: se trata de que cada alumno desenvolva de forma progresiva as capacidades xerais e específicas necesarias para afrontar de xeito coherente a súa opción profesional.
- b) A identidade persoal: intentaremos contribuír ao seu desenvolvemento en distintos ámbitos: construción do autoconcepto e desenvolvemento da autoestima.
- c) Desenvolvemento Social: traballaremos en equipo, debates, coloquio, traballando a prevención e resolución de conflitos e fomentando a participación na aula.

As principais ferramentas para lograr este desenvolvemento son as ensinanzas transversais e a educación moral e ética no ámbito laboral, traballadas sempre de forma integrada cos contidos do módulo nas distintas unidades didácticas.

Os alumnos e alumnas deben ser capaces de facer un xuízo crítico sobre a realidade social, construír de forma libre e racional o seu propio sistema de valores e actuar en consecuencia.

Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades necesarias para inserirse como cidadáns, de modo activo e crítico, na sociedade na que viven

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

- A iniciativa individual e a responsabilidade.
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminacións.
- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos, fomentando hábitos de comportamento democrático
- Educación para a saúde e a educación ambiental, especialmente dentro do tema da responsabilidade social empresarial

Actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das disponibilidades orzamentarias e da programación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Visita a establecementos de diferente categoría e tipoloxía se a situación sanitaria o permite.
- Actividades complementarias dirixidas ao fomento do espírito emprendedor

Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas polo centro ou por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.

Actividades extraescolares

Asistencia a feiras ou congresos de emprendemento que se celebren na cidade se a situación sanitaria o permite.

10. Outros apartados

10.1) Medidas de adaptación ao protocolo COVID

Medidas de actuación para adaptarse ao establecido no *¿Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021¿*, cuxa versión 16-09-2020 se pode atopar no seguinte enderezo; https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_centros_16_09_2020.pdf

En primeiro lugar, acelerouse ao máximo a posta en marcha da aula virtual como ferramenta didáctica a empregar na aula. Para adaptarse a unha posible e eventual volta ás aulas telemáticas, ensinouse ao alumnado no emprego da metodoloxía asociada á aula virtual.

Co obxectivo de adestrar na mesma, empregárase como ferramenta virtual principal no desenvolvemento de todo o curso 2020-2021.

Por outra banda, cambiouse a metodoloxía das primeiras actividades para verificar o grao de desenvolvemento que puidera ter o alumnado ante actividades compatibles cunha ensinanza telemática.

Neste sentido, cada unha das actividades previstas na programación ten unha actividade -diferente- asociada (cos mesmos obxectivos e bloques de contidos e baseados nos criterios de avaliación mínimos exixibles) por se se tivera que realizar en base a unha metodoloxía en liña.

Tendo en conta a programación prevista, substituíronse actividades que non poidan realizarse en condicións de seguridade e saúde.

Por outra banda, modificáronse as metodoloxías de traballo en equipo. Ao ter que manter a distancia de seguridade e a distribución de aula establecida no protocolo, empréganse mecanismos de comunicación -aínda sendo na aula presencial- vía telemática, empregando ferramentas como a Aula Virtual, o Whatsapp ou o Drive.

Por último, para as actividades que requiran de procuras en internet, promóvese o uso do teléfono móbil intelixente ao ser un obxecto persoal, de uso individual (non se comparte con outras persoas) e que posúe todo o alumnado (segundo a ficha de avaliación inicial), o que minimiza os riscos ao mesmo tempo que facilita o cumprimento dos obxectivos educativos.